



RESUMO ORDE DO 25 DE XANEIRO DE 2022 POLA QUE SE ACTUALIZA A NORMATIVA DE AVALIACIÓN NAS ENSINANZAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA, DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E DE BACHARELATO NO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

AVALIACIÓN

- Neste curso hai 3 avaliacións parciais. A **terceira avaliación** deberá realizarse a partir do 6 de xuño.
- Entre a 3ª avaliación (6 de xuño) e a avaliación final ordinaria (22 de xuño) haberá que realizar actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Unha vez remate a 3ª avaliación, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que servirá de base para o deseño das **actividades de recuperación** que deberá levar a cabo o **alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar**. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final ordinaria (22 xuño).
- O alumnado con todas as materias e ámbitos superados na 3ª avaliación realizará actividades de ampliación e titoría entre o día 6 e o día 22 de xuño.

PROMOCIÓN

- A decisión sobre a promoción tomarase na avaliación final ordinaria. A decisión será adoptada de xeito colexiado atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en tonta os criterios de promoción.
- **Promociona de xeito automático o alumnado que supere todas as materias ou con unha ou dúas materias suspensas (incluíndo pendentes).**
- Tamén pode promocionar o alumnado (**sen límite de materias suspensas**) que cumpra as condicións seguintes:
 - a) Que a **media aritmética** das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa **igual ou superior a cinco**.
 - b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
 - c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
 - d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
- O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias no curso seguinte.
- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao tongo do ensino obrigatorio (de 1º de primaria a 4º da ESO). Por exemplo, unha alumna/o que repetiu en primaria só pode repetir un curso en secundaria.

TITULACIÓN

- A decisión sobre a titulación tomarase na avaliación final ordinaria de 4º da ESO.
- Titula de xeito automático o alumnado con todas as materias superadas.
- Tamén pode titular o alumnado (**sen límite de materias suspensas**) que cumpra todas as condicións seguintes:
 - a) Que a **media aritmética** das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa **igual ou superior a cinco**.
 - b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
 - c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

BACHARELATO

AVALIACIÓN

- Haberá dúas avaliacións parciais, unha avaliación final do período ordinario (6 de xuño) e unha avaliación extraordinaria (23 de xuño).
- O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario (6 de xuño), terá dereito realizar unha proba extraordinaria (entre o 20 e 22 de xuño).
- **1º Bacharelato:** o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría.
- O alumnado que supere todas as materias na avaliación final ordinaria (6 de xuño) realizará actividades de ampliación e tutoría ata o 22 de xuño, polo tanto deberá asistir ao centro no horario habitual. Recordamos que o curso remata o 22 de xuño.

PROMOCIÓN

- Promociona a 2º de bacharelato o alumnado que supere todas as materias ou teña avaliación negativa en **dúas materias como máximo**. O alumnado que non cumpra estas condicións deberá repetir o curso na súa totalidade.

TITULACIÓN

- Titula o alumnado con todas as materias superadas.
- **Excepcionalmente**, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel (na convocatoria extraordinaria) por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias **agás unha**, sempre que se cumpran ademais **todas as condicións seguintes:**
 - a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
 - b) **Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.**
 - c) **Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.**
 - d) **Que a media aritmética** das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa **igual ou superior a cinco**. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.